

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

DECRETO 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

I

O artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece que, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, a competencia exclusiva en materia de comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos e a lexislación sobre a defensa da competencia.

II

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (en adiante, a Directiva de servizos), supón un punto de inflexión nas relacións entre o sector empresarial e as administracións públicas e, en consecuencia, coa actividade comercial. Efectivamente, a Directiva de servizos supón, con respecto á actividade comercial, un cambio conceptual que favorece o réxime de comunicación sobre o de autorización e impulsa a interoperabilidade e coordinación entre os diferentes niveis administrativos que interveñen.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, transpón a Directiva de servizos, que impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se inclúen nos artigos 49 e 56 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, respectivamente, tomando como referencia o mercado europeo como marco da distribución comercial, pois estamos ante unha economía cada vez máis globalizada e liberalizada.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, para adecuar o seu contido, no que atinxe á autorización autonómica da instalación de establecementos comerciais de incidencia supramunicipal, ás exixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das

autorizacións pertinentes en materia de comercio. Tamén aprobou a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva de servizos.

Non obstante, o carácter parcial da modificación efectuada mediante a Lei 7/2009, do 22 de decembro e a necesidade de afrontar unha actualización integral da normativa comercial exixían a aprobación dunha nova lei de comercio que dese resposta ás novas realidade xurdidas nos últimos tempos, así como ás necesidades das persoas comerciantes, garantindo a debida protección das persoas consumidoras e usuarias. Por esta razón, o Parlamento galego aprobou a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

O artigo 8 da devandita lei crea o Rexistro Galego de Comercio, só para os efectos estatísticos e co propósito de crear un censo actualizado de establecementos comerciais de Galicia, que ten por obxecto a inscrición dos establecementos comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das persoas comerciantes e das asociacións por elas constituídas.

O Rexistro Galego de Comercio será público e a inscrición nel é gratuíta e considerada condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda convocadas pola Administración da Comunidade Autónoma ou para participar activamente nos programas específicos.

Voluntariamente, calquera comerciante poderá instar a súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio, mediante a acreditación dos correspondentes datos.

Para os meros efectos estatísticos, existirá unha sección de comerciantes ambulantes no Rexistro Galego de Comercio. A inscrición nesta sección será voluntaria para a persoa comerciante, terá carácter previo ao inicio da actividade e unha vixencia de cinco anos renovables. A non inscrición ou renovación non constituirá ningún impedimento para o exercicio da venda ambulante.

As persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en territorio galego que exerzan a actividade de venda a distancia en calquera ámbito territorial deberanlle comunicar, no prazo de tres meses, o inicio da súa actividade á correspondente sección do Rexistro de Ventas a Distancia (estase a referir máis ben a unha sección de venda a distancia no Rexistro Galego de Comercio).

As persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade comercial en réxime de franquía en territorio galego deberanllo comunicar á sección desta actividade do Rexistro Galego de Comercio no prazo de tres meses desde o inicio dela, sempre que teñan o seu domicilio social ou unha delegación ou representación en Galicia.

O artigo 105, apartados a).1, c.1 e i), da Lei do comercio interior de Galicia, tipifica as seguintes infraccións administrativas graves: exercer unha actividade comercial sen realizar a comunicación en prazo ao Rexistro Galego de Comercio, realizar vendas a distancia con incumprimento das condicións e das limitacións que para as devanditas vendas establece esta lei e incumplir, por parte de quen outorgue o contrato de franquía, a obriga de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92.2 no prazo a que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.

III

Nestes últimos anos as administracións públicas en xeral e a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular, realizaron especiais esforzos co fin de mellorar as súas relacións coa cidadanía, incorporando o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións, modernizando a súa prestación de servizos e, sobre todo, obrigándose a realizar as adaptacións xurídicas, tecnolóxicas e organizativas necesarias que permitan garantir os dereitos da cidadanía a relacionarse por medios electrónicos. Por tanto, fai falta unha adaptación tanto á Directiva de servizos como ao resto da normativa vixente en materia de simplificación administrativa e de administración electrónica. Neste sentido, son destacables as achegas de dúas normas, unha de carácter estatal, pero básica para todas as administracións públicas e outra de carácter regulamentario para a Comunidade Autónoma de Galicia.

En primeiro lugar, a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Esta lei contén moitos aspectos destacables relacionados co recoñecemento dos dereitos da cidadanía a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos e coa consecuente imposición das correspondentes obrigas ás administracións públicas para garantir o cumprimento destes dereitos. Pero hai que destacar os aspectos relacionados coa cooperación inter e intra administrativa (título IV), que se converte nun dos elementos fundamentais deste decreto. Este aspecto ten que ser impulsado necesariamente co fin de poder facer realidade a interoperabilidade dos sistemas de información e conseguir os propósitos de mellora na tramitación. Pero tamén son destacables as necesidades de coordinación e interoperabilidade entre as diferentes administracións públicas afectadas e, en especial, entre os concellos e a Administración

xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que han de conseguir unha importante fluidez nas súas comunicacións, mediante o uso das plataformas tecnolóxicas corporativas existentes.

En segundo lugar, o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Esta norma incide, por unha banda, no impulso da interoperabilidade e na necesaria coordinación entre as diferentes administracións públicas galegas; e, por outra, en todo o que implica a tramitación electrónica, na importancia da simplificación previa dos trámites: cumprimento de requisitos, achega de documentos e, en especial, a eliminación de pasos innecesarios nos procedementos.

O devandito decreto continúa coa tarefa de simplificación documental e dos procedementos administrativos que xa fora posta en marcha no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, o cal xa supón un primeiro paso para alcanzar os obxectivos establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que pretende abrir camiño para que toda relación entre a cidadanía e a Xunta de Galicia se leve a cabo utilizando as tecnoloxías actualmente dispoñibles, potenciando a relación telemática entre ambas.

IV

O artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, crea o Rexistro Galego de Comercio. É necesario, pois, desenvolver as novas previsións legais sobre este rexistro, cuxos obxectivos xerais son a elaboración dun censo comercial permanente de Galicia, facilitar o exercicio das funcións de vixilancia, verificación e constatación do cumprimento das disposicións legais e regulamentarias en materia de comercio e contribuír á definición das políticas de axudas públicas ao sector comercial.

Convén destacar a simplificación administrativa e pór de relevo a importancia de adaptar a organización e o funcionamento do Rexistro Galego de Comercio ao novo réxime de prestación de servizos que configura a referida directiva. Neste sentido, contéplanse as seguintes medidas:

a) O Rexistro Galego de Comercio estará instalado en soporte informático, garantindo a tramitación de todos os procedementos e actos a través do portelo único, conforme a normativa aplicable aos procedementos administrativos tramitados por medios electrónicos,

co obxecto de facilitar as relacións entre a cidadanía e a Administración a través dunha utilización crecente da informática, a electrónica e as telecomunicacións. Para iso, regúlanse os procedementos para a inscrición, modificación, renovación e cancelación de datos no Rexistro Galego de Comercio, incluíndo, ademais da tradicional presentación en soporte papel, a posibilidade de presentala a través da Internet. E isto co obxectivo de mellorar o exercicio dos dereitos e o cumprimento das obrigas das persoas que exerzan unha actividade comercial, simplificando ao máximo os trámites necesarios, eliminando documentos e facendo máis segura e fiable a información que contén.

Así mesmo, tense en conta o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Por esta razón, o Rexistro Galego de Comercio terá a consideración de ficheiro de titularidade pública.

b) Substitúese a inscrición previa no Rexistro pola comunicación voluntaria (con carácter xeral) ou preceptiva (no caso das persoas que se dediquen á venda a distancia ou en réxime de franquía) do comezo ou cesamento da actividade, así como as súas modificacións. Esta previsión constitúe unha das principais novidades introducidas como consecuencia da adaptación á Directiva de servizos, e vén configurar o obxecto do Rexistro Galego de Comercio non como un medio habilitante do exercicio da actividade senón como un instrumento da Administración autonómica para levar a cabo as súas potestades de control e fomento no ámbito comercial. As inscricións no Rexistro Galego de Comercio efectuaranse de oficio polo órgano administrativo competente ao recibir a correspondente comunicación da persoa interesada ou do Concello.

c) Flexibilízase a exigencia da presentación de documentación establecida nos artigos 57.2 e 73.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e substitúese esta obriga por unha declaración, no formulario de comunicación ao Rexistro Galego de Comercio, de que a persoa interesada dispón da documentación acreditativa da veracidade dos datos contidos nel e do cumprimento dos requisitos establecidos para o exercicio da actividade.

V

O proxecto de decreto estrutúrase en corenta e dous artigos divididos en cinco capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo I establécense unhas disposicións de carácter xeral que inclúen o obxecto da norma, a natureza e os fins do Rexistro Galego de Comercio, o órgano a que está adscrito, a posibilidade de tramitar as comunicacións a través da sede electrónica, a súa instalación en formato electrónico, a súa estrutura e a información ás persoas interesadas.

O capítulo II ocúpase da inscrición de datos no Rexistro Galego de Comercio, que pode ter lugar de oficio, a partir dos datos que se lle faciliten ao Rexistro Galego de Comercio polos concellos, por solicitude voluntaria da persoa comerciante ou por solicitude obrigatoria ou preceptiva, no caso de persoas comerciantes que se dediquen ás actividades de venda a distancia ou en réxime de franquía. A continuación recolle os datos obxecto de inscrición no Rexistro Galego de Comercio. Así mesmo, tendo en conta que a maior parte das inscricións de datos se efectuarán de oficio, neste capítulo abórdase tamén a necesaria coordinación entre os órganos que están chamados a colaborar na permanente actualización do Rexistro Galego de Comercio.

No capítulo III abórdase a estrutura do Rexistro Galego de Comercio, que está organizado en seis seccións. Este capítulo dedica unha sección a cada unha das que compoñen o Rexistro Galego de Comercio, na cal se indican os suxeitos ou as actividades obxecto de inscrición nela, as súas subdivisións e a documentación que deben achegar as persoas interesadas xunto coa comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio.

O capítulo IV trata do procedemento de inscrición de datos no Rexistro Galego de Comercio por solicitude da persoa comerciante interesada.

O capítulo V contén un recordatorio da infracción que poden cometer as persoas comerciantes que se dediquen ás actividades de venda a distancia ou en réxime de franquía que non comuniquen os datos ou as súas modificacións ao Rexistro Galego de Comercio.

Para rematar, o decreto contén dúas disposicións derradeiras. A primeira faculta a persoa titular da consellería competente en materia de comercio para ditar as normas necesarias para a súa execución, desenvolvemento e aplicación, e a segunda establece a data de entrada en vigor da norma.

Na súa virtude, en exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, por proposta da persoa titular

da Consellería de Economía e Industria, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de abril de dous mil doce,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Este decreto ten por obxecto regular o réxime xeral de acceso, comunicación de datos e inscrición e determinar a organización e funcionamento do Rexistro Galego de Comercio, creado pola Lei 13/2010, do 13 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Artigo 2. Natureza do Rexistro Galego de Comercio.

1. O Rexistro Galego de Comercio ten carácter público e gratuíto e natureza administrativa, para os únicos efectos de información, estatísticos e de publicidade. A inscrición no Rexistro Galego de Comercio non ten carácter constitutivo para o exercicio da actividade comercial.

2. Os datos consignados no Rexistro Galego de Comercio son públicos. Poden acceder a estes datos, ademais do/da comerciante a que fagan referencia, calquera persoa non impedida por unha norma limitativa e que acredite ter un dereito ou un interese lexítimo no seu coñecemento.

3. O tratamento dos datos persoais do Rexistro Galego de Comercio efectuarase conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. O Rexistro Galego de Comercio poderá ser consultado polas persoas mencionadas no apartado 2 deste artigo mediante solicitude por escrito, na cal se fará constar a identificación da persoa solicitante, ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Fins do Rexistro Galego de Comercio.

O Rexistro Galego de Comercio ten os seguintes fins:

a) Dispor dos datos necesarios para o coñecemento e avaliación das estruturas comerciais, así como dun censo actualizado da totalidade de establecementos comerciais,

persoas comerciantes e asociacións de comerciantes existentes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Proporcionar ás administracións públicas os datos necesarios para o mellor coñecemento da dimensión e características do sector da distribución comercial na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de que poidan realizar unha eficiente ordenación e promoción do devandito sector, mediante programas e plans de actuación encamiñados a promover a modernización da actividade comercial.

c) Facilitar o exercicio das funcións de vixilancia, verificación e constatación do cumprimento das disposicións legais e regulamentarias en materia de comercio.

d) Contribuír á definición das políticas de axudas públicas e subvencións ao sector comercial.

e) Ser un instrumento de información para o propio sector comercial e de terceiras persoas en xeral.

f) Garantir os dereitos e os intereses das persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 4. Adscrición e xestión do Rexistro Galego de Comercio.

1. O Rexistro Galego de Comercio está adscrito á consellería con competencias en materia de comercio, a través da dirección xeral competente na mesma materia. A súa xestión corresponderalle ao órgano que se determine no decreto que estableza a estrutura orgánica da referida consellería.

2. A xestión do Rexistro Galego de Comercio comprende o exercicio das seguintes funcións:

a) Inscribir os establecementos comerciais, as persoas comerciantes e as asociacións de comerciantes no Rexistro Galego de Comercio a partir dos datos que lle comunique directamente a propia persoa ou entidade interesada ou lle traslade o respectivo concello.

b) Asignar unha clave individualizada de identificación rexistral que se notificará ao suxeito comerciante inscrito.

c) Actualizar periodicamente a relación dos suxeitos comerciantes inscritos nas distintas seccións do Rexistro Galego de Comercio e os cambios ou alteracións nos datos que figuren nelas.

d) Elaborar estatísticas por agregación e tratamento dos datos que figuren nas bases do Rexistro Galego de Comercio, en colaboración co Instituto Galego de Estatística.

e) Efectuar a comunicación dos datos inscritos e das súas alteracións que deban realizarse aos rexistros estatais de empresas de venda a distancia e de franquecedoras.

f) Expedir as certificacións acreditativas da inscrición no Rexistro Galego de Comercio dos suxeitos comerciantes que así o soliciten.

3. Sempre que a persoa ou entidade interesada así o solicite, as certificacións administrativas en soporte papel poderán ser substituídas por documentos administrativos electrónicos, de acordo coa normativa vixente.

4. As certificacións teñen un carácter meramente declarativo e unicamente acreditan que a unidade administrativa responsable da xestión do Rexistro Galego de Comercio comprobou que os datos inscritos nel coinciden cos facilitados no formulario presentado polo suxeito comerciante inscrito a que se refira no momento de acceder a el.

Artigo 5. *Sede electrónica.*

Para presentaren as súas comunicacións, as persoas que exerzan unha actividade comercial deberán acceder ao Rexistro Galego de Comercio a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo de referencia <https://sede.xunta.es>, por medio da cal poderán tramitarse todos os procedementos e trámites conforme o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 6. *Informatización do Rexistro Galego de Comercio.*

1. Unha aplicación informática permitirá a inscrición, modificación de datos e baixa de maneira telemática no Rexistro Galego de Comercio.

2. As comunicacións ao Rexistro Galego de Comercio poderán facerse por medios electrónicos. Para isto será necesario o correspondente certificado electrónico, de acordo co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

3. No que atinxe ao funcionamento do Rexistro Galego de Comercio, observárase o disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e nas normas que se

diten en desenvolvemento do portelo único en relación coa aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 7. Información ás persoas ou entidades interesadas.

1. En xeral, as persoas ou entidades interesadas poden obter información en relación a:

a) Os trámites necesarios relativos ao procedemento de comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio.

b) Os datos de identificación das persoas adscritas ao órgano competente para a xestión do Rexistro Galego de Comercio, que permitan poñerse directamente en contacto con elas.

c) Os medios e condicións de acceso ao Rexistro Galego de Comercio.

d) As vías de impugnación das resolucións que adopte o órgano a que está adscrito o Rexistro Galego de Comercio.

2. Para os ditos efectos, o órgano de xestión do Rexistro Galego de Comercio disporá o necesario para que toda a información relativa á comunicación e ao procedemento de inscrición nel, así como os documentos normalizados, estean ao alcance das persoas interesadas por calquera medio presencial e electrónico.

Artigo 8. Organización do Rexistro Galego de Comercio.

O Rexistro Galego de Comercio organizarase nas seguintes seccións:

- 1) Establecementos comerciais permanentes.
- 2) Persoas comerciantes retallistas sen establecemento comercial permanente.
- 3) Vendas a distancia.
- 4) Comerciantes ambulantes.
- 5) Actividade comercial en réxime de franquía.
- 6) Asociacións de persoas comerciantes.

CAPÍTULO II

Inscripción no Rexistro Galego de Comercio dos datos que deben constar nel*Artigo 9. Inscripción de oficio no Rexistro Galego de Comercio.*

1. De conformidade co disposto no artigo 28.5 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, de ser o caso, nas comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicados polo respectivo concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio.

2. Así mesmo, no suposto de que a persoa vendedora ambulante non opte voluntariamente pola inscrición na correspondente sección do Rexistro, será o concello que autorice o exercicio da venda ambulante o que comunique os datos para a correspondente inscrición de oficio, tal e como dispón o derradeiro inciso do artigo 78.4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

3. A dirección xeral competente en materia de comercio inscribirá de oficio os datos sinalados no artigo 15 que lle comunique o respectivo concello nos termos que establece o artigo 16, así como as autorizacións comerciais autonómicas dos establecementos comerciais con incidencia supramunicipal e as súas posibles modificacións.

4. Con carácter xeral, o coñecemento por parte da consellería competente en materia de comercio ou dos concellos galegos no exercicio das competencias que lles son propias, de calquera dato ou circunstancia que, debendo constar no Rexistro Galego de Comercio, non fose comunicado voluntariamente polos suxeitos que desenvolvan actividades comerciais, dará lugar ás oportunas actuacións de oficio.

Artigo 10. Inscripción voluntaria no Rexistro Galego de Comercio.

1. De conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, a inscrición no Rexistro Galego de Comercio das persoas comerciantes da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas asociacións é voluntaria, con carácter xeral e gratuita.

2. Son comerciantes, para os efectos do disposto neste decreto, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizan de forma habitual e eventual actividades de mediación comercial entre a produción e o consumo no mercado.

3. Poderán inscribirse no Rexistro Galego de Comercio as persoas comerciantes que exerzan ou pretendan exercer a súa actividade comercial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, a inscrición no Rexistro Galego de Comercio é considerada condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda convocadas pola Administración da Comunidade Autónoma ou para participar activamente nos programas específicos.

4. Tamén poderán inscribirse no Rexistro Galego de Comercio as asociacións de persoas comerciantes por xunto ou polo miúdo que cumpran os requisitos establecidos no artigo 34, así como as federacións delas.

Non obstante, a inscrición das referidas asociacións no Rexistro Galego de Comercio é considerada condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda convocadas pola Administración da Comunidade Autónoma ou para participar activamente nos programas específicos.

Artigo 11. Comunicación obrigatoria de datos ao Rexistro Galego de Comercio polas persoas comerciantes que exerzan a actividade de venda a distancia ou en franquía.

1. De acordo co establecido nos artigos 57.1 e 92.2 da Lei 13/2010, do 13 de decembro, do comercio interior de Galicia, deberán comunicar os datos que se establecen no artigo 15 á correspondente sección do Rexistro Galego de Comercio, no prazo de tres meses desde o inicio da actividade:

a) As persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en territorio galego que exerzan a actividade de venda a distancia en calquera ámbito territorial, así como as que, sen estaren domiciliadas en territorio galego, difundan as súas ofertas por medios que abranguen a Galicia e non figuren inscritas noutro rexistro estatal ou autonómico.

b) As persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade comercial en réxime de franquía en territorio galego, nos termos que establece o artigo 30.

2. A comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio prevista no apartado anterior non condiciona o inicio da actividade.

Non obstante, a falta de comunicación de datos polas persoas comerciantes que se dediquen á actividade de venda a distancia ou en franquía despois de ter transcorrido o prazo de tres meses establecido nos artigos 24.1 e 30.1 para comunicar o inicio da actividade,

que se contará desde que se inicie, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio dela, tal e como sinala o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. E isto sen prexuízo do disposto no artigo 42.

Artigo 12. Comunicación da alteración de datos inscritos polas persoas comerciantes que exerzan a actividade de venda a distancia ou en franquía.

As persoas comerciantes que se dediquen á actividade de venda a distancia ou en franquía deberán comunicar ao Rexistro Galego de Comercio calquera alteración nos datos inscritos nel, no prazo máximo de tres meses desde que se produza, e o cesamento na actividade no momento en que teña lugar. No caso contrario procederase á cancelación da inscrición, nos termos que establece o artigo 13.1.d).

Así mesmo, con carácter anual e durante o mes de xaneiro de cada ano, as persoas franquedoras comunicarán ao Rexistro Galego de Comercio os peches ou as aperturas dos establecementos propios ou franquados que se producisen na anualidade anterior.

Artigo 13. Cancelación da inscrición.

1. A cancelación das inscricións practicadas no Rexistro Galego de Comercio, tanto de oficio como a instancia de parte, terá lugar nos seguintes casos:

a) O cesamento na actividade comercial por tempo superior a un ano ininterrompido.

b) Os cambios de titularidade do establecemento comercial ou da actividade comercial, que implicarán, se é o caso, a necesidade de proceder a unha nova alta rexistral. Non obstante, o cambio da titularidade dos establecementos e actividades comerciais que se inscriben na sección primeira do rexistro dará lugar á modificación da inscrición, sen que sexa necesario practicar unha nova alta rexistral.

c) A anulación da autorización para o exercicio da actividade comercial, nos casos en que resulte obrigatoria (establecementos comerciais con incidencia supramunicipal e comerciantes ambulantes).

d) Cando as persoas comerciantes que se adiquen á actividade de venda a distancia ou en franquía non comuniquen as alteracións dos datos inscritos nel, logo do correspondente apercibimento e despois de teren transcorrido dous meses desde aquel. E isto sen prexuízo do disposto no artigo 42.

2. O procedemento para a cancelación da inscrición será tramitado e resolto pola dirección xeral competente en materia de comercio. No caso de actuacións de oficio, darase audiencia con carácter previo ás persoas ou entidades interesadas, que poderán alegar e presentar as xustificacións e documentos que estimen pertinentes.

Artigo 14. Actualización da inscrición.

1. As persoas comerciantes poderán comunicar en calquera momento as variacións significativas que se produzan nos datos inscritos no Rexistro Galego de Comercio e, se é o caso, o cesamento da actividade comercial. Exceptúase do anterior o suposto de comunicación obrigatoria previsto nos artigos 12 e 13.1.d) para as persoas comerciantes que exerzan a actividade de venda a distancia ou en franquía.

Para os efectos da actualización permanente do Rexistro Galego de Comercio, a dirección xeral competente en materia de comercio poderá requirir as persoas titulares das inscricións rexistradas que leven máis de dous anos sen seren obxecto de modificación para que, nun prazo de quince días a partir da recepción do requirimento, procedan á súa actualización.

2. No caso da venda ambulante, a actualización deberá realizarse anualmente.

3. A actualización poderá consistir nunha declaración responsable en que se constate que os datos que figuran inscritos non sufriron ningunha modificación.

Artigo 15. Datos que se inscriben no Rexistro Galego de Comercio.

1. Os datos que se inscriben no Rexistro Galego de Comercio son os seguintes:

a) Datos relativos á persoa comerciante:

1) Nome e apelidos, razón social ou denominación.

2) Número de identificación fiscal.

3) Domicilio social (con codificación xeográfica, polo menos a nivel de provincia e municipio, segundo o nomenclátor do Instituto Nacional de Estatística), teléfono, fax e, se é o caso, correo electrónico e páxina web.

4) Actividade principal.

5) Se é o caso, outras actividades desenvolvidas.

b) Datos relativos ao establecemento comercial:

1) Número de identificación fiscal.

2) Denominación ou rótulo.

3) Localización do establecemento: enderezo postal (con codificación xeográfica, polo menos a nivel de provincia e municipio, segundo o nomenclátor INE), teléfono, fax e, se é o caso, correo electrónico e páxina web.

4) A superficie de venda do establecemento, así como a dedicada a almacéns e a outros usos.

5) Data de inicio da actividade.

6) Información laboral.

c) Datos que pode facilitar a persoa interesada con carácter voluntario e para os efectos de publicidade e información:

1) A asociación ou as asociacións de persoas comerciantes da/s que sexa asociada.

2) O convenio colectivo e sector a que está adherida.

3) A adhesión ao sistema arbitral de consumo ou a calquera outro sistema de resolución extraxudicial de conflitos en relación coas queixas das persoas consumidoras.

4) A adhesión a un sistema de solución extraxudicial de conflitos entre a franqueadora e a franqueada.

5) A sinatura de códigos de boas prácticas no ámbito da franquía.

6) A documentación relativa aos medios desenvolvidos para fomentar a igualdade de xénero entre as persoas traballadoras do seu cadro de persoal.

7) A constancia rexistral do nome do seu dominio, no caso de persoas que exerzan unha actividade comercial de venda a distancia por medios electrónicos. Para estes efectos, en-

téndese por nome do dominio a correspondente cadea de caracteres alfanuméricos que, cumprindo co formato e coas normas establecidas, se traduce na identificación do seu enderezo IP.

8) A información relativa aos seguros de responsabilidade civil profesional das persoas comerciantes que estean obrigadas a iso.

9) Outros datos que poidan ser de interese público.

d) Datos que inscribe de oficio o órgano competente:

1) A información relativa a comprobacións de cumprimento de requisitos, inspeccións e sancións.

2) As subvencións concedidas á persoa titular do establecemento comercial.

3) A adhesión aos distintivos de calidade do comercio que poida implantar a consellería competente nesta materia.

4) As comunicacións previas de liquidacións e de vendas especiais que se efectúen no mes anterior ás rebaixas, realizadas en cumprimento do disposto nos artigos 37.g) e 44.2 da Lei 13/2010, do 13 de decembro, do comercio interior de Galicia.

5) A data de concesión da autorización ou de presentación da declaración responsable ou comunicación e órgano competente que a concede ou ante o cal se presenta, respectivamente. No caso de comunicacións de modificacións ou cesamento da actividade, a data da presentación da comunicación e órgano competente ante o cal se presenta.

2. A inscrición no Rexistro Galego de Comercio dos datos mencionados no apartado anterior efectuarase ben de oficio, nos termos establecidos no artigo 16, ou ben por solicitude voluntaria ou preceptiva da persoa comerciante interesada.

Artigo 16. *Comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio.*

De conformidade co disposto no artigo 28.3 e no derradeiro inciso do artigo 78.4 da Lei 13/2010, do 13 de decembro, do comercio interior de Galicia, os concellos darán traslado ao rexistro, preferentemente por medios telemáticos, dun extracto dos acordos dos seus órganos de goberno relativos ás licenzas de apertura de establecementos comerciais e ás autorizacións de venda ambulante outorgadas ou, de ser o caso, ás comunicacións previas ou declaracións de responsabilidade recibidas, así como a súa modificación.

Para estes efectos, os concellos comunicarán ao Rexistro Galego de Comercio os datos do artigo 15 relativos á persoa comerciante e ao establecemento comercial que consten nas licenzas de apertura, autorizacións de venda ambulante, comunicacións previas ou declaracións responsables no prazo máximo de un mes desde a adopción dos ditos actos administrativos ou, se é o caso, desde a data de presentación das referidas comunicacións ou declaracións.

Artigo 17. Coordinación coa Administración local.

En virtude dos principios que rexen as relacións entre as administracións públicas, para unha efectiva coordinación e eficacia administrativas, e para os efectos da permanente actualización do Rexistro Galego de Comercio, o órgano responsable da súa xestión e os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán na actualización da información relativa ás altas, baixas e modificacións que se produzan nos establecementos comerciais do seu ámbito.

Artigo 18. Colaboración co sistema estatístico de Galicia.

1. A elaboración das estatísticas oficiais con fundamento nos datos que figuren no Rexistro Galego de Comercio realizarase conforme o previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e nos seus plans e programas.

2. A información do Rexistro Galego de Comercio que se utilice na confección de estatísticas oficiais quedará amparada polo segredo estatístico de conformidade co establecido nos artigos 24 ao 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

3. O órgano estatístico sectorial da consellería competente en materia de comercio participará no deseño e, se é o caso, implantación dos ficheiros do Rexistro Galego de Comercio que recollan información administrativa susceptible de explotación estatística.

Artigo 19. Coordinación con outros rexistros.

1. O Rexistro Galego de Comercio coordinarase, mediante o oportuno convenio, con aqueles rexistros que, se for o caso, poidan establecer os concellos ou outras comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. O Rexistro Galego de Comercio garantirá a interoperabilidade técnica cos rexistros estatais de empresas de venda a distancia e de franquía de conformidade co preceptuado na disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

CAPÍTULO III

Organización do Rexistro Galego de Comercio*Sección 1.ª Sección de establecementos comerciais permanentes*Artigo 20. *Ámbito.*

1. Esta sección do Rexistro Galego de Comercio comprenderá os datos correspondentes aos establecementos comerciais por xunto ou polo miúdo, tanto individuais como colectivos.

2. De acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, considéranse establecementos comerciais os locais e as construcións ou as instalacións de carácter fixo e permanente, cubertos ou sen cubrir, interiores ou exteriores a unha edificación, con ou sen escaparates, destinados ao exercicio regular de actividades comerciais, xa sexa de forma individual ou nun espazo colectivo, e independentemente de que se realice de forma continuada ou en días ou temporadas determinados.

Quedan incluídos na definición anterior os quioscos e, en xeral, as instalacións de calquera clase que cumpran a finalidade sinalada nela, sempre que teñan o carácter de inmo-
bles de acordo co artigo 334 do Código civil.

3. A división desta sección é a seguinte:

a) Establecementos comerciais por xunto.

b) Establecementos comerciais que non teñan a consideración de establecemento co-
mercial con incidencia supramunicipal.

Existirá un apartado específico para a inscrición dos establecementos adheridos á Rede de Comercio Rural Galego, regulada na Orde da Consellaría de Economía e Industria do 30 de decembro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* n. 4, do 7 de xaneiro de 2011).

c) Establecementos comerciais con incidencia supramunicipal.

d) Centros de fabricantes ou outlets.

e) Mercados municipais.

Artigo 21. Inscripción de datos.

As persoas físicas ou xurídicas interesadas na súa inscrición nesta sección poden presentar a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo I. E isto sen prexuízo da inscrición de oficio dos datos relativos ao establecemento comercial e á persoa comerciante que consten nas licenzas de apertura, autorizacións de venda ambulante, comunicacións previas ou declaracións responsables, nos termos establecidos no artigo 16.

*Sección 2.^a Sección de persoas comerciantes retallistas sen establecemento comercial permanente**Artigo 22. Ámbito.*

1. Esta sección do Rexistro Galego de Comercio comprenderá os datos correspondentes ás persoas comerciantes polo miúdo que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia sen un establecemento permanente.

2. A división desta sección é a seguinte:

- 1) Venda domiciliaria.
- 2) Venda automática.
- 3) Venda en poxa pública.

Artigo 23. Comunicación de datos.

As persoas físicas ou xurídicas interesadas na súa inscrición nesta sección poden presentar a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo II.

Ademais dos datos citados no artigo 15, alíneas a) e c), o formulario de comunicación ao Rexistro Galego de Comercio conterá os seguintes puntos:

- a) Na venda domiciliaria, a relación de persoas vendedoras.
- b) Na venda automática, a relación de máquinas.

*Sección 3.^a Sección de vendas a distancia**Artigo 24. Ámbito.*

1. De conformidade co disposto no artigo 57.1 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, as persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en territorio galego que exerzan a actividade de venda a distancia en calquera ámbito territorial deberanlle comunicar, no prazo de tres meses, o inicio da súa actividade a esta sección do Rexistro Galego de Comercio.

Tamén deberán efectuar a devandita comunicación aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sen estaren domiciliadas en territorio galego, difundan as súas ofertas por medios que abranguen Galicia e non consten inscritas noutro rexistro estatal ou autonómico.

2. Quedan exentas da obriga de comunicación de datos a esta sección as persoas establecidas noutros Estados membros da Unión Europea que operen en réxime de libre prestación, sen establecemento permanente en Galicia.

Artigo 25. Comunicación de datos.

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na súa inscrición nesta sección presentarán a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo III.

2. A comunicación de datos a esta sección conterá, polo menos, os seguintes puntos:

- a) A identificación da empresa, así como da súa persoa titular.
- b) A estrutura e a composición dos órganos de administración e goberno da persoa xurídica.
- c) A relación de produtos ou servizos que configuran a oferta comercial.
- d) O ámbito de actuación da persoa física ou xurídica comerciante.
- e) A clase ou as clases de medios de comunicación para transmitir as propostas de contratos e para recibir as respostas das persoas consumidoras.
- f) A referencia ao sistema comercial previsto e ao lugar para atender as reclamacións das persoas consumidoras e para atender o exercicio por parte destas do dereito de desistencia ou revogación.

3. Así mesmo, a comunicación de datos incluírá a manifestación de que a persoa comerciante interesada dispón da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas regulamentacións e nas normas específicas aplicables aos produtos obxecto de comercialización e en calquera outra regulamentación sectorial que resulte aplicable.

Sección 4.^a Sección de comerciantes ambulantes

Artigo 26. Ámbito.

1. A inscrición nesta sección do Rexistro Galego de Comercio realizarase de oficio ou por pedimento da persoa comerciante e non terá carácter constitutivo para o acceso á actividade.

2. As persoas que se dediquen á venda ambulante poderán solicitar a inscrición nesta sección antes do inicio da actividade ou unha vez iniciada esta.

Artigo 27. Comunicación de datos.

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na súa inscrición nesta sección poden presentar a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo IV.

2. A comunicación de datos a esta sección conterá, polo menos, os seguintes puntos:

a) A persoa física ou xurídica titular da actividade e, se é o caso, as persoas con relación familiar ou laboral que vaian desenvolvela no seu nome. No caso de cooperativas, a relación das súas persoas socias que vaian desenvolver a actividade. E isto coa indicación dos produtos que van comercializar e dos concellos en que desenvolverán a actividade.

b) A modalidade de venda ambulante.

c) A relación de produtos obxecto de comercialización.

d) A referencia ao lugar para atender as reclamacións das persoas consumidoras.

3. A persoa interesada ou a que exerza a súa representación achegará co formulario de comunicación de datos a seguinte documentación:

a) Se é unha persoa física, copia do documento nacional de identidade ou, no caso de ser estranxeira, do pasaporte ou doutro documento oficial en vigor acreditativo da súa identidade, só no caso de non autorizar a súa consulta.

- b) No caso de persoas xurídicas, o número de identificación fiscal.
- c) Documentación que acredite estar de alta no imposto de actividades económicas ou copia do último xustificante do pagamento do dito imposto.
- d) A certificación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- e) A acreditación dunha cotización como vendedor/a ambulante de, polo menos, deza-seis horas semanais no réxime correspondente da Seguridade Social.
- f) Escritura de poder da persoa que exerza a representación legal, se é o caso.
- g) Escritura ou acta de constitución da empresa ou entidade no caso de persoas xurídicas que exerzan unha actividade comercial.
- h) O documento nacional de identidade e unha fotografía de cada unha das súas persoas traballadoras para os efectos da expedición da tarxeta de venda ambulante a que se refire o seguinte artigo.

Así mesmo, con carácter anual e durante o mes de xaneiro, deberase achegar un informe de vida laboral da persoa traballadora.

4. A circunstancia de estar dada de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción da persoa interesada, ben por ela mesma ou ben mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.

Artigo 28. *Tarxeta de venda ambulante.*

1. De conformidade co disposto no artigo 73.4 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, a dirección xeral con competencias en materia de comercio expedirá unha tarxeta de persoa vendedora ambulante, logo da inscrición na sección de comerciantes ambulantes do Rexistro Galego de Comercio, con vixencia de cinco anos renovables.

2. Na tarxeta de venda ambulante deberá constar:

- a) A identificación da persoa titular da tarxeta de venda ambulante.

b) A identificación da persoa traballadora para a cal se expide a tarxeta e a súa fotografía.

c) A data de expedición e de caducidade.

d) A descrición literal da epígrafe en que figura dada de alta.

e) O número de inscrición no Rexistro Galego de Comercio.

3. A tarxeta seralle outorgada á persoa física ou xurídica titular da actividade, sendo expedidas de forma nominativa para cada unha das súas persoas traballadoras, sempre que estas últimas acrediten unha cotización como vendedoras ambulantes de, polo menos, dezaseis horas semanais na Seguridade Social no réxime que corresponda.

4. Para os efectos de simplificación administrativa, a tarxeta servirá como acreditación dos puntos sinalados no número 3 do artigo 27 perante os correspondentes concellos.

Artigo 29. *Vixencia.*

1. A inscrición nesta sección terá unha vixencia de cinco anos renovables. A non inscrición ou renovación non constituirá ningún impedimento para o exercicio da venda ambulante.

2. Despois de transcorrer o referido prazo, procederase a dar de baixa de oficio no Rexistro Galego de Comercio as persoas comerciantes que non instasen a renovación da súa inscrición, logo da audiencia ás interesadas. A cancelación da inscrición implicará a perda da vixencia da tarxeta de venda ambulante.

Sección 5.^a Sección da actividade comercial en réxime de franquía

Artigo 30. *Ámbito.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade comercial en réxime de franquía en territorio galego deberánllo comunicar a esta sección do Rexistro Galego de Comercio no prazo de tres meses desde o seu inicio, sempre que teñan o seu domicilio social ou unha delegación ou representación en Galicia.

2. Quedan exentas da obriga de comunicación de datos a esta sección as persoas franquecedoras establecidas noutros Estados membros da Unión Europea que operen en réxime de libre prestación, sen establecemento permanente en Galicia.

Artigo 31. Persoas franquadoras consolidadas.

1. Dentro desta sección establecerase un apartado específico para as persoas franquadoras consolidadas.

2. Consideraranse persoas franquadoras consolidadas aquelas empresas que cumpran cando menos, as dúas condicións seguintes:

a) Ter desenvolvido a actividade franquadora durante, polo menos, dous anos en dous establecementos franquados.

b) Dispoñer dun número mínimo de catro establecementos, dos cales dous, polo menos, deberán ser establecementos propios.

Artigo 32. *Solicitud e documentación.*

1. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na súa inscrición nesta sección presentarán a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo V.

2. A comunicación de datos a esta sección conterá, polo menos, os seguintes puntos:

a) Datos referentes ás persoas franquadoras: o nome ou a razón social, o domicilio, os datos de inscrición no Rexistro Mercantil, se é o caso, e o número de identificación fiscal.

b) Denominación dos dereitos de propiedade industrial ou intelectual obxecto do acordo de franquía e acreditación de ter concedida e en vigor a titularidade ou os dereitos de licenza de uso sobre eles, así como a súa duración e eventuais recursos xudiciais interpostos polo/a titular ou usuario/a da marca, se é o caso.

c) Descrición do negocio obxecto da franquía, con expresión do número de franqueadas con que conta a rede e o número de establecementos que a integran, distinguindo os explotados directamente pola franquadora dos que operan baixo o réxime de cesión de franquía, con indicación do municipio e provincia en que están situados. Indicarase tamén a antigüidade con que a empresa leva exercendo a actividade franquadora, con especificación de establecementos propios e franquados, así como dos franquados que deixasen de pertencer á rede en España nos dous últimos anos.

d) No caso de que a franquadora sexa unha franqueada principal, esta deberá facilitar a información relacionada cos seguintes datos da súa franquadora: nome, razón social, domicilio, forma xurídica e duración do acordo de franquía principal; e manifestar que conta co contrato que acredite a cesión por parte da franquadora orixinaria.

Sección 6.ª Sección de asociacións de persoas comerciantes

Artigo 33. Ámbito.

1. Poderán inscribirse nesta sección do Rexistro Galego de Comercio as asociacións de persoas comerciantes por xunto ou polo miúdo que cumpran os requisitos establecidos no artigo seguinte.

2. Tamén poderán inscribirse as federacións de asociacións de persoas comerciantes.

3. A inscrición nesta sección será condición imprescindible para que as asociacións de persoas comerciantes e as federacións delas poidan optar ás axudas e subvencións convocadas pola consellería competente en materia de comercio ou participar en programas específicos.

Artigo 34. *Requisitos.*

1. Para seren incluídas nesta sección, as asociacións de persoas comerciantes, así como as súas federacións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar constituída en asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e debidamente inscrita nos rexistros que corresponda pola súa propia natureza.

b) Ter o seu domicilio social en Galicia e realizar a súa actividade, polo menos, en territorio galego.

c) Contar cunha referencia ao sector comercial na súa denominación.

d) Ter como finalidade nos seus estatutos a defensa ou promoción da actividade comercial das súas asociadas.

e) Non ter como asociadas persoas que non exerzan algunha actividade empresarial.

f) Dispoñer dunha comisión específica, expresamente recollida nos estatutos, para as persoas afiliadas pertencentes ao sector comercial, no caso de asociacións que non estean compostas maioritariamente por empresas do comercio.

2. Tamén poderán inscribirse nesta sección as asociacións de comerciantes que, sen estaren domiciliadas en Galicia, desenvolvan a súa actividade en territorio galego e cumpran os demais requisitos que se establecen no apartado anterior.

Artigo 35. Solitude e documentación.

1. As asociacións ou federacións interesadas na súa inscrición nesta sección poderán presentar a solicitude conforme o modelo normalizado que se establece no anexo VI.

2. A comunicación de datos a esta sección conterá, polo menos, os seguintes puntos:

a) A identificación da asociación ou federación.

b) Número de identificación fiscal (NIF).

c) A descrición do seu obxecto.

d) A composición dos seus órganos directivos, con indicación do nome e cargo das súas persoas membros.

e) A relación das persoas comerciantes asociadas, con especificación dos seguintes datos referentes a elas: número de asociada, nome ou razón social, NIF, rótulo e IAE do/s establecemento/s.

f) No caso de asociacións de carácter autonómico ou federacións, indicaranse as de carácter provincial que as compoñen.

3. Coa comunicación achegárase a seguinte documentación:

a) Acta fundacional.

b) Estatutos, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

c) Certificación expedida pola persoa que desempeña a secretaría da asociación ou federación, debidamente asinada e selada, na cal deberán constar os seguintes puntos:

1) A composición dos órganos directivos, con indicación do nome e cargo das súas persoas membros.

2) A relación das persoas comerciantes asociadas, con especificación dos seguintes datos relativos a elas: número de asociada, nome ou razón social, rótulo e IAE do/s establecemento/s.

CAPÍTULO IV

Procedemento de inscrición

Artigo 36. *Persoas interesadas.*

A inscrición no Rexistro Galego de Comercio solicitaráase ante a dirección xeral competente en materia de comercio a persoa física ou xurídica que pretenda exercer ou exerza a actividade comercial concreta.

Nos casos de establecementos comerciais colectivos, a solicitude será formulada pola persoa promotora deles.

Artigo 37. *Presentación da comunicación.*

1. A comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio debe formalizarse mediante o correspondente formulario normalizado e dirixirse á dirección xeral competente en materia de comercio.

2. A comunicación presentarase debidamente asinada e, nos supostos de representación ou pluralidade de persoas interesadas, será de aplicación o disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A comunicación pódese formalizar por medios electrónicos, de maneira presencial ou por calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Se a comunicación se presenta a través de medios electrónicos, achegarase a documentación en formato electrónico. A documentación que non se poida achegar neste formato poderá presentarse en calquera dos lugares indicados no apartado anterior.

Artigo 38. *Contido das comunicacións.*

1. A persoa interesada ou a que exerza a súa representación na comunicación ao Rexistro Galego de Comercio do inicio da súa actividade cubrirá unha declaración responsable en que se manifeste que son certos cantos datos figuran nos anexos correspondentes, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada, e que está en posesión da documentación acreditativa dos puntos recollidos no formulario normalizado.

2. Nos casos de modificación, deberá cubrir, ademais dos datos de identificación da persoa titular, só os espazos correspondentes aos datos que se modifican.

3. Coa comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio, achegárase, se é o caso, a documentación establecida para as diversas seccións.

4. A persoa interesada non está obrigada a presentar aqueles documentos que xa consten en poder da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pero, se é o caso, deberá de facilitar a esta todos os datos necesarios para a súa localización.

Artigo 39. Emenda ou mellora da comunicación.

1. Se a comunicación non reúne os requisitos sinalados neste decreto, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por non presentada a súa comunicación, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Este prazo poderá ser ampliado prudencialmente, até cinco días, por pedimento da persoa interesada ou iniciativa do órgano instructor, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

3. O prazo que se outorgue para emendas ou para achegar a documentación adicional suspenderá o cómputo do prazo establecido para resolver a o procedemento de inscrición.

Artigo 40. Resolución.

1. Despois de examinar a comunicación, o órgano encargado do Rexistro Galego de Comercio emitirá a proposta de resolución.

2. A inscrición no Rexistro Galego de Comercio efectuarase mediante resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio, na cal se asignará a correspondente clave rexistral. Esta resolución notificarase á persoa interesada no prazo de dez días.

Para as notificacións por medios electrónicos ou informáticos requirirase consentimento expreso da persoa interesada para a utilización do dito medio como preferente mediante a identificación dun enderezo electrónico para o efecto. No caso de revogación deste consentimento, aplicarase o disposto no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. O prazo para resolver o procedemento de inscrición no Rexistro Galego de Comercio será de tres meses desde que teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa

tramitación a documentación completa. Despois de transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que se ditase e se notificase resolución expresa, a solicitude enténdese estimada por silencio administrativo.

4. Excepcionalmente poderá acordarse a ampliación, por unha soa vez, do prazo máximo para a resolución e notificación, mediante motivación clara das circunstancias concurrentes. Esta ampliación non poderá exceder o tempo previsto para a tramitación do procedemento.

Artigo 41. *Recursos.*

A resolución do procedemento non esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer, se é o caso, un recurso de alzada ante a persoa titular da consellaría competente en materia de comercio.

CAPÍTULO V Réxime sancionador

Artigo 42. *Infraccións en materia rexistral.*

1. De conformidade co disposto no artigo 105, alíneas a).1, c).1) e i), da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, considérase infracción grave a omisión de comunicación á correspondente sección do Rexistro Galego de Comercio por parte das persoas comerciantes que se dediquen á actividade de venda a distancia ou en franquía, así como a falta de comunicación das alteracións dos datos inscritos nel.

2. As referidas infraccións sancionaranse de conformidade co disposto no capítulo III do título VIII da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Disposición adicional primeira.

Os medios necesarios para a tramitación electrónica dos procedementos administrativos regulados neste decreto deberán estar operativos no prazo máximo de un ano desde a súa entrada en vigor. En tanto a aplicación informática non estea disponible, as comunicacións pódense formalizar de maneira presencial, por calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou a través da sede electrónica no enderezo <https://sede.xunta.es>

Disposición adicional segunda.

O órgano responsable da xestión do Rexistro Galego de Comercio disporá o necesario para que se incorpore a el o sistema que permita o acceso das persoas interesadas por medios electrónicos, así como as condicións básicas para o acceso á información das persoas con discapacidade que marca a normativa vixente nesta materia.

Disposición adicional terceira. *Incorporación automática de datos ao rexistro.*

A información xa existente no Rexistro de Venda Ambulante e nas bases de datos de franquecedoras e de venda a distancia á entrada en vigor deste decreto, integrarase automaticamente na nova aplicación informática creada para o efecto de acordo co previsto no parágrafo anterior.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto público.*

O disposto neste decreto non pode carrexar un aumento do gasto público.

Disposición transitoria.

As persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos e actividades comerciais que estean en funcionamento á entrada en vigor deste decreto poden solicitar a súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio con carácter voluntario en calquera momento.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de comercio para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación deste decreto e para modificar os modelos normalizados de comunicación de datos ao Rexistro Galego de Comercio establecidos nos seus anexos.

Disposición derradeira segunda.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de abril de dous mil doce.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRICIÓN NA SECCIÓN PRIMEIRA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PERMANENTES		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN227A	DOCUMENTO SOLICITUDE
MOTIVO DA COMUNICACIÓN: ☐ ALTA ☐ MODIFICACIÓN ☐ BAIXA			
DATOS DA PERSOA TITULAR			
NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF / NIE	NACIONALIDADE
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	SEXO ☐ Home ☐ Muller
DATA DE NACEMENTO	PÁXINA WEB	TIPO DE SOCIEDADE NO CASO DE PERSONALIDADE XURÍDICA	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN LEGAL (só no caso de que a persoa titular sexa persoa xurídica)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TELÉFONO			
DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL			
NOME COMERCIAL DA EMPRESA		ENDEREZO (no caso de formar parte dunha agrupación se indicará tamén o nome do local agrupado)	
LOCALIDADE		TELÉFONO	FAX
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
PÁXINA WEB	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
MODALIDADE DE VENTA ☐ MAIORISTA ☐ DETALLISTA		ESTABLECEMENTO COMERCIAL CON INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL ☐ SI ☐ NON	
CENTROS FABRICANTES OU OUTLETS ☐ SI ☐ NON			
PRINCIPAL EPÍGRAFE IAE:	2.ª ACTIVIDADE	3.ª ACTIVIDADE	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE
CÓDIGO CNAE:			
LOCALIZACIÓN FÍSICA ☐ LOCAL ILLADO OU INDEPENDENTE LOCAL AGRUPADO ☐ MERCADO MUNICIPAL ☐ CENTRO COMERCIAL ABERTO ☐ CENTRO COMERCIAL OU GALERÍA COMERCIAL ☐ OUTROS NOME DO MERCADO, CENTRO OU GALERÍA:		INFORMACIÓN CUANTITATIVA A) SUPERFICIES (m²) DE VENDA OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS ALMACÉN OUTROS TOTAL B) NÚMERO DE PRAZAS DE APARCADOIRO C) PERSOAL ASALARIADOS NON ASALARIADOS	



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO I (continuación)

PERÍODO DE ACTIVIDADE ☐ TODO O ANO ☐ MÁIS DE 3 MESES E MENOS DE 6 MESES ☐ MENOS DE 3 MESES	INTEGRACIÓN COMERCIAL ☐ COMERCIANTE INDEPENDENTE ASOCIADO - INTEGRADO: ☐ FRANQUÍA ☐ AGRUPACIÓN DE COMPRA ☐ COOPERATIVA DE RETALLISTAS ☐ CADEA SUCURSALISTA ☐ OUTRA FORMA DE COMPRA (ESPECIFICAR) NOME DA CADEA A QUE PERTENCE
--	---

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR (AUTORIZACIÓN/CAMBIO DE TITULARIDADE/CAMBIO DE LOCALIZACIÓN)

Copia cotexada da licenza municipal ou da declaración responsable ou da comunicación efectuada ante o respectivo Concello. Excepcionalmente, en defecto do anterior, poderase achegar un informe do Concello sobre a actividade desenvolvida no establecemento.

CON CARÁCTER VOLUNTARIO ACREDITO:

- ☐ Asociación ou asociacións de persoas comerciantes de que sexa asociada
- ☐ Convenio colectivo e sectorial a que está adherida.
- ☐ Adhesión ao sistema arbitral de consumo ou a calquera outro sistema de resolución extraxudicial de conflitos en relación coas queixas das persoas consumidoras.
- ☐ Documentación relativa aos medios desenvolvidos para fomentar a igualdade de xénero entre as persoas do seu cadro de persoal.
- ☐ Seguro de responsabilidade civil profesional das persoas comerciantes que estean obrigadas a iso.
- ☐ Outros datos que poidan ser de interese público.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU DO REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

 , de de

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio

Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 15781 Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRIPCIÓN NA SECCIÓN SEGUNDA DE PERSOAS COMERCIANTES RETALLISTAS SEN ESTABLECEMENTO PERMANENTE	IN227B	SOLICITUDE
☐ VENDA DOMICILIARIA ☐ VENDA AUTOMÁTICA ☐ VENDA EN POXA PÚBLICA		
MOTIVO DA COMUNICACIÓN: ☐ ALTA ☐ MODIFICACIÓN ☐ CESAMENTO DA ACTIVIDADE		
DATOS DA PERSOA TITULAR		
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NIF/NIE SEXO DATA NACEMENTO NACIONALIDADE
ENDEREZO SOCIAL		LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB	TIPO DE SOCIEDADE NO CASO DE PERSONALIDADE XURÍDICA	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (só en caso de que o titular sexa persoa xurídica)		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO NIF TELÉFONO
DATOS DA MODALIDADE DA VENDA		
VENDA DOMICILIARIA: RELACIÓN DE PERSOAS VENDEDORAS		
VENDA AUTOMÁTICA: RELACIÓN DE MÁQUINAS		
VENDA EN POXA PÚBLICA		
PRINCIPAL	2.ª ACTIVIDADE	3.ª ACTIVIDADE DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE
EPÍGRAFE IAE:		
CÓDIGO CNAE:		
PERÍODO DE ACTIVIDADE		
☐ Todo o ano ☐ Máis de 3 meses e menos de 6 meses ☐ Menos de 3 meses		
INTEGRACIÓN COMERCIAL		
☐ COMERCIANTE INDEPENDENTE		
ASOCIADO - INTEGRADO		
☐ FRANQUÍA ☐ AGRUPACIÓN DE COMPRA ☐ COOPERATIVA DE RETALLISTAS ☐ CADEA SUCURSALISTA ☐ OUTRA FORMA DE COMPRA (ESPECIFICAR)		
NOME DA CADEA A QUE PERTENCE		
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro. Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.		
LEXISLACIÓN APLICABLE		
Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.		
SINATURA DO TITULAR OU REPRESENTANTE		
LUGAR E DATA		
, de de		

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRIPCIÓN NA SECCIÓN TERCEIRA DE VENDAS A DISTANCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN227C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

MOTIVO DA COMUNICACIÓN:

☐ INICIO	☐ ACTUALIZACIÓN	☐ CESAMENTO DA ACTIVIDADE
☐ ENDEREZO ☐ ÁMBITO DE ACTUACIÓN	☐ RAZÓN SOCIAL ☐ PRODUTOS OU SERVIZOS	☐ MODALIDADE DE VENDA ☐ CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	NIF / NIE	PAÍS
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
EPÍGRAFE IAE	CÓDIGO CNAE	N.º SEGURIDADE SOCIAL
N.º REGISTRO MERCANTIL (libro, sección, inscrición, folio, folia, tomo e data)		ESTABLECEMENTO PERMANENTE EN ESPAÑA ☐ ENDEREZO

LUGAR PARA ATENDER AS RECLAMACIÓNS DOS CONSUMIDORES

ENDEREZO	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX

PRODUTOS OU SERVIZOS

- ☐ 01- Publicacións, discos, libros
- ☐ 02- Téxtil e calzado
- ☐ 03- Cursos de ensino
- ☐ 04- Artigos de deporte e caza
- ☐ 05- Menaxe, elect., artigos do fogar
- ☐ 06- Fotografía, son e óptica
- ☐ 07- Reloxaría, xoiaría e bixutería
- ☐ 08- Perfumaría, cosmética e parafarmacia
- ☐ 09- Coleccións e filatelia
- ☐ 10- Alimentos e bebidas
- ☐ 11- Equipamentos, material informático
- ☐ 12- Plantas e xardinaria
- ☐ 13- Viaxes
- ☐ 14- Outros (a consumidor final) especifique:
- ☐ 15- Mobiliarios, administración oficina (a empresas)
- ☐ 16- Servizos (a empresas)
- ☐ 17- Equipamentos, informática (a empresas)
- ☐ 18- Outros (a empresas) especifique:

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

- ☐ 00- TODAS - NACIONAL
- ☐ 01- ANDALUCÍA
- ☐ 02- ARAGÓN
- ☐ 03- ASTURIAS
- ☐ 04- BALEARES
- ☐ 05- CANARIAS
- ☐ 06- CANTABRIA
- ☐ 07- CASTILLA - LA MANCHA
- ☐ 08- CASTILLA - LEÓN
- ☐ 09- CATALUÑA
- ☐ 10- COMUNIDAD VALENCIANA
- ☐ 11- EXTREMADURA
- ☐ 12- GALICIA
- ☐ 13- MADRID
- ☐ 14- REXIÓN DE MURCIA
- ☐ 15- NAVARRA
- ☐ 16- PAÍS VASCO
- ☐ 17- LA RIOJA
- ☐ 18- CEUTA
- ☐ 19- MELILLA
- ☐ 20- ESTRANXEIRO (especifique)

TÉCNICAS DE VENDA A DISTANCIA

- ☐ 01- CATÁLOGO / CORREO
- ☐ 02- IMPRESO DESTINATARIO
- ☐ 03- CARTA NORMALIZADA
- ☐ 04- PUBLICIDADE EN PRENSA / CUPÓN DE PEDIDO
- ☐ 05- TELÉFONO
- ☐ 06- RADIO
- ☐ 07- TELEVISIÓN
- ☐ 08- VISÍOFONO / VÍDEO TEXTO
- ☐ 09- FAX
- ☐ 10- INTERNET

CON CARÁCTER VOLUNTARIO ACREDITO DOCUMENTALMENTE

- ☐ Certificado de calidade
- ☐ Empresa adherida ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extrajudicial de conflitos.
- ☐ Constancia rexistral do nome de dominio
- ☐ Outros datos que poidan ser de interese público



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

RECORDÁMOSLLE QUE:

Deberán ser comunicados ao Rexistro as modificacións de datos no prazo de 3 meses dende que se produzan e o cesamento da actividade no momento en que teña lugar.

Igualmente, comunícaselle que se non cumpre as obrigas citadas, logo de apercibimento e despois de transcorrer dous meses dende este, procederase a dar de baixa o seu rexistro, determinando a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade (artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), ademais da sanción grave que poida corresponder.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

SINATURA E SELO DA PERSOA SOLICITANTE / EMPRESA OU DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV

PROCEDIMENTO COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRICIÓN NA SECCIÓN CUARTA DE COMERCIANTES AMBULANTES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN227D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

MOTIVO DA COMUNICACIÓN:
☐ ALTA
 ☐ ACTUALIZACIÓN
 ☐ CESAMENTO DA ACTIVIDADE

DATOS DA PERSOA TITULAR
 NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:
 NIF/NIE:
 SEXO:
 DATA DE NACEMENTO:
 NACIONALIDADE:

 ENDEREZO SOCIAL:
 LOCALIDADE:

 CÓDIGO POSTAL:
 PROVINCIA:
 CONCELLO:

 TELÉFONO:
 FAX:
 CORREO ELECTRÓNICO:

 PÁXINA WEB:
 TIPO DE SOCIEDADE NO CASO DE PERSONALIDADE XURÍDICA:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (só no caso de que o titular sexa persoa xurídica)
 NOME:
 PRIMEIRO APELIDO:
 SEGUNDO APELIDO:
 NIF:
 TELÉFONO:

LUGAR PARA ATENDER AS RECLAMACIÓNS
 ENDEREZO:
 LOCALIDADE:

 CÓDIGO POSTAL:
 PROVINCIA:
 CONCELLO:

 TELÉFONO:
 FAX:
 CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DAS PERSOAS CON RELACIÓN FAMILIAR OU LABORAL QUE VAN DESENVOLVER A ACTIVIDADE NO SEU NOME OU NO CASO DE COOPERATIVAS A RELACIÓN DE PERSOAS SOCIAS
 PERSOAS / SOCIAS:
 PRODUTOS:
 MUNICIPIO:

DATOS DA ACTIVIDADE AMBULANTE
 PRINCIPAL:
 2.ª ACTIVIDADE:
 3.ª ACTIVIDADE:

 EPÍGRAFE IAE:
 CÓDIGO CNAE:

PRODUTOS OBXECTO DE COMERCIALIZACIÓN
☐ Alimentación
 ☐ Téxtil e confección
☐ Calzado e pel
 ☐ Drogaría e cosmética
 Outros produtos (espcifique):

PERIODO DE ACTIVIDADE
☐ Todo o ano
 ☐ Máis de 3 meses e menos de 6 meses
 ☐ Menos de 3 meses

MODALIDADE DE VENDA
☐ Mercados periódicos
 ☐ Mercados fixos
 ☐ Postos desmontables
 ☐ Mercados ocasionais
 ☐ Vehículos tenda

CONCELLOS EN QUE EXERCE A SÚA ACTIVIDADE

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

A presente comunicación comporta a autorización do/a solicitante para que a Administración obteña de forma directa dos órganos competentes os comprobantes relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Porén, o/a solicitante pode denegar expresamente a dita autorización marcando o cadro seguinte, ☐ nese caso o/a solicitante deberá presentar os ditos comprobantes cando a Administración así llo solicite.

Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade. ☐ SI ☐ NON (Neste caso aportar fotocopia)

LEXISLACIÓN APLICABLE
 Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

SINATURA DO TITULAR OU REPRESENTANTE
 LUGAR E DATA: , de de



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRICIÓN NA SECCIÓN CUARTA DE COMERCIANTES AMBULANTES	IN227D	SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR XUNTO CO FORMULARIO:

- NIF, so no caso de non autorizar a súa consulta ou pasaporte, se o interesado é persoa física; o NIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude de inscrición en representación da empresa, se é persoa xurídica.
- A certificación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.
- Unha fotografía da/s persoa/s traballadora/s para a/s cales se expide a/s tarxeta/s e a súa identificación (DNI).
- Acreditación dunha cotización como vendedor/a ambulante de ao menos dezaseis horas semanais na Seguridade Social no réxime que corresponda (impreso TC2).

CON CARÁCTER ANUAL, e durante o mes de xaneiro, a persoa solicitante deberá achegar un informe de vida laboral da persoa traballadora.

A inscrición nesta sección terá unha vixencia de cinco anos renovables. A non inscrición ou renovación non constituirá ningún impedimento para o exercicio da venda ambulante.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO V

PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRICIÓN NA SECCIÓN QUINTA DE FRANQUEADORES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN227E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

MOTIVO DA COMUNICACIÓN:

☐ INICIO	☐ ACTUALIZACIÓN ☐ NÚMERO ESTABLECEMENTOS ☐ VIXENCIA DA MARCA ☐ ENDEREZO ☐ NOME / RAZÓN SOCIAL	☐ CESAMENTO DA ACTIVIDADE DATA DE CESE DA ACTIVIDADE
------------------------------	---	--

DATOS DO FRANQUEADOR OU FRANQUEADO PRINCIPAL

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	NIF / NIE	PAÍS
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB	N.º REGISTRO MERCANTIL (libro, sección, inscrición, folio, folia, tomo e data)	

DATOS DO TITULAR DA FRANQUÍA

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	NIF / NIE	PAÍS
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB	N.º REGISTRO MERCANTIL (libro, sección, inscrición, folio, folia, tomo e data)	

PROPIEDAD INDUSTRIAL / INTELECTUAL

DENOMINACIÓN DO DEREITO DE PROPIEDAD OU MARCA	ÓRGANO QUE A CONCEDEU	DATA DA CONCESIÓN	PERÍODO DE VALIDEZ	RECURSOS

DESCRICIÓN DO OBXECTO DA FRANQUÍA

NOME COMERCIAL DA FRANQUÍA	FRANQUEADOR CONSOLIDADO (2 anos en 2 establecementos franquizados e dispoñer dun mínimo de 4 establecementos, 2 dos cales propios) ☐ SI ☐ NON	ANTIGÜIDADE NA ACTIVIDADE FRANQUEADORA (dende) Ano

N.º DE ESTABLECEMENTOS PROPIOS N.º DE ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS N.º DE ESTABLECEMENTOS TOTAIS DOS ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS EN ESPAÑA ¿Cantos causaron baixa nos 2 últimos anos? DOS ESTABLECEMENTOS TOTAIS EN ESPAÑA ¿Cantos causaron baixa nos 2 últimos anos?	PARA O CASO DE VARIACIÓNS ANUAIS DO N.º DE ESTABLECEMENTOS N.º DE ESTABLECEMENTOS PROPIOS NOVOS ANO N.º DE ESTABLECEMENTOS PROPIOS PECHADOS ANO N.º DE ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS NOVOS ANO N.º DE ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS PECHADOS ANO TOTAL DE ESTABLECEMENTOS PROPIOS TOTAL DE ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS TOTAL XERAL
---	---



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.

SINATURA E SELO DA EMPRESA OU DA PERSOA SOLICITANTE

LUGAR E DATA

 , de de

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 15781 Santiago de Compostela



CON CARÁCTER VOLUNTARIO ACREDITO DOCUMENTALMENTE

- Certificado de calidade en vigor ☐ SI ☐ NON
- Empresa adherida ao sistema de solución extraxudicial de conflitos entre franqueadores e franqueado ☐ SI ☐ NON
- Sinatura de códigos deontolóxicos no ámbito da franquía ☐ SI ☐ NON
- Empresa adherida ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos ☐ SI ☐ NON
- Outros datos de interese público ☐ SI ☐ NON
- Presenza no estranxeiro - Explique: ☐ SI ☐ NON

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ESTABLECEMENTOS PROPIOS		ESTABLECEMENTOS FRANQUEADOS	
	Número	Localidade - Municipio - Provincia	Número	Localidade - Municipio - Provincia
Andalucía				
Aragón				
Principado de Asturias				
Canarias				
Cantabria				
Castilla la Mancha				
Castilla - León				
Cataluña				
Extremadura				
Galicia				
Illes Balears				
La Rioja				
Madrid				
Rexión de Murcia				
Comunidade Foral de Navarra				
País Vasco				
Comunidade Valenciana				
Cidade Autónoma de Ceuta				
Cidade Autónoma de Melilla				

RECORDÁMOSLLE QUE:

Deberán ser comunicados ao Rexistro as modificacións de calquera destes datos:

- nome ou razón social, enderezo (prazo 3 meses)
- o seu cesamento (en canto se produza)
- o seu número de establecementos, con indicación de se son propios ou franquizados, ademais de concello e provincia en que se atopan. Tamén comunicarán os peches (prazo de 3 meses ou, ao menos, de forma anual)
- a vixencia da súa marca.

Igualmente comunícaselle que se non cumpre as obrigas citadas, logo de apercibimento e despois de transcorrer dous meses desde este, procederase a dar de baixa as empresas franquificadoras determinando a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade (artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), ademais da sanción grave que poida corresponder.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO VI

PROCEDEMENTO COMUNICACIÓN DE DATOS PARA A INSCRICIÓN NA SECCIÓN SEXTA DE ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES OU FEDERACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN227F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

MOTIVO DA COMUNICACIÓN: ☐ ALTA ☐ MODIFICACIÓN ☐ EXTINCIÓN		
☐ ASOCIACIÓN	☐ CCA ☐ PRAZA DE ABASTOS ☐ EIXE COMERCIAL ☐ SUPRAMUNICIPAL	☐ FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
NOME DA ASOCIACIÓN OU FEDERACIÓN		NIF
ENDEREZO SOCIAL		LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB		

NA SÚA REPRESENTACIÓN				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	TELÉFONO

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
ENDEREZO		LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA ASOCIACIÓN / FEDERACIÓN			
NÚMERO DE ASOCIADOS	ORZAMENTO ANUAL	NÚMERO DE COMERCIOS ASOCIADOS	ÁMBITO TERRITORIAL

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR XUNTO CÓ FORMULARIO:
a) Fotocopia cotexada dos seus estatutos, debidamente inscritos no rexistro correspondente. b) Certificación expedida pola persoa que desempeña a secretaría da asociación, federación ou confederación, debidamente asinada e selada, na cal deberá constar os seguintes puntos: 1) A composición dos órganos directivos, con indicación do nome e cargo das súas persoas membros. 2) A relación das persoas comerciantes asociadas, con especificación dos seguintes datos relativos a elas: número de asociada, nome ou razón social, rólulo e IAE /CNAE do/s establecemento/s. No caso das federacións este requisito substituirase polas certificacións dos acordos das asembleas plenarias de cada unha das asociacións agrupadas en que decidiron a incorporación á federación. c) Escritura de poder da persoa que exerza a representación legal, se se o caso.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro. Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpo cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

LEXISLACIÓN APLICABLE Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249, do 29 de decembro) e Decreto 118/2012, do 20 de abril, polo que se regula o rexistro galego de comercio.

SINATURA DO TITULAR OU REPRESENTANTE LUGAR E DATA _____, _____ de _____ de _____

Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Comercio.
Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 15781 Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>